

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE
TEXTO E MATERIAL ESCOLAR
CURSO ESCOLAR 2016/17**

ORDE do 16 de maio de 2017 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2017/18

PRAZO

O prazo para as axudas é **do 23 de maio ata o 23 de xuño**. Anexo I da orde que se pode recoller no centro ou na web.

¿QUÉ AXUDA TEÑO?

Segundo o curso que vaian a cursar os alumnos o próximo curso poderán solicitar unhas axudas ou outras. A continuación fago un resumo:

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º, e 6º de EP cursos nos que se manterán os libros de texto do curso 2016/17.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado matriculado en 1º e 2º de EP.
- **Axudas para adquirir material escolar:** Todo o alumnado matriculado en EP segundo a renda 2015.

¿QUÉ É O FONDO SOLIDARIO?

É un **préstamo de libros**, consiste na asignación de libros de texto correspondentes aos cursos de **3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria y da ESO**, que estean dispoñibles no fondo solidario do centro. Efectuarase por orde inversa a renda per cápita, de maneira que se garantiran un mínimo de 6 libros ao alumnado con renda igual ou inferior a 5.400 euros e un mínimo de 4 libros para rendas superiores a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros.

¿QUÉ É A AXUDA DE LIBROS?

Para os alumnos de **1º e 2º de Educación Primaria e de 2º e 4º da ESO** darase unha axuda económica para a adquisición de libros segundo a renda:

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros:
 - Educación Primaria (1º e 2º): 170 euros.
- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros:
 - Educación Primaria (1º e 2º): 90 euros.

¿QUÉ É O CHEQUE PARA MATERIAL ESCOLAR?

Axuda consistente nunha cantidade para contribuir ao pago do material escolar. As solicitudes tramitaranse nos centros educativos a medida que se vaian presentando. As familias obterán os vales unha vez se comproba que cumpren os requisitos esixidos na convocatoria e presenten a documentación que se require. Familias con renda per cápita igual ou inferior a **5.400 euros ao ano por membro da unidade familiar** recibirán un vale de **50 euros por neno/a**.

IMPORTANTE:

O ano de referencia será 2015 e os datos para comprobar a unidade familiar serán os do **31 de decembro do 2015**.

Para ser beneficiario do banco solidario e axuda de libros o alumno devolverá en bo estado os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2016/17.

DOCUMENTACIÓN

As familias deberán presentar no centro docente onde está matriculado o alumno, orixinal e copia da seguinte documentación:

1. Copia do **DNI ou NIE** dos membros computables na unidade familiar, **cando non autoricen a consulta telemática.**
2. Copia do **libro de familia** onde figuren todos os membros computables da unidade familiar. Solo no caso de non ter libro de familia ou si a situación familiar, a día 31 de decembro de 2015, non coincide coa reflexada no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:
 - a. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno.
 - b. Certificado ou volante de convivencia.
 - c. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.
3. **Declaración da Renda do ano 2015** **cando non autoricen a consulta telemática.**
4. No caso de **discapacidade igual ou superior ao 33%** dalgún membro da unidade familiar, documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2014.
5. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.